 UNIVERSIDADE DE VIGO	PLANIFICACIÓN Y DESARROLLO DE LA ENSEÑANZA	FACULTAD DE FISIOTERAPIA	CODIF: R1-DO0201
--	---	-------------------------------------	----------------------------

ACTA DE APROBACIÓN DEL PROCEDIMIENTO PARA EL SEGUIMIENTO Y CONTROL DE LA DOCENCIA

Acta núm. 173 Punto 3 del orden del día de la Junta de Centro, de 19 de marzo de 2014

ACTA Nº 172

Durán Barbosa, Rafael
González Dopazo, Lois
González Represas, Alicia
Gutiérrez Nieto, Manuel
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Maceiras García, Lourdes
Padín Iruegas, Elena
Pazos Rosales, Jose Manuel
Rodríguez Fuentes Gustavo
Soto González; Mercedes
Sanchez Arias, M^a Purificación
Canle Iglesias, Marcos
Cedeira García, Anxo
Fontela Gómez, Antonio
González Queiruga, Fernando
Zobra Lojo, Pablo

Na Sala de Xuntas da Facultade de Fisioterapia, sendo ás 13:45 horas do día 19 de marzo de 2014 e en segunda convocatoria, procédese a celebrar Xuntanza Ordinaria da Xunta de Facultade, convocada por orde da Sra. Decana.

Asistiron á Xunta de Centro os membros relacionados á marxe e de acordo coa seguinte orde do día:


Desculpa a súa asistencia: Rey Veiga, Sara

3.-Aprobación, se procede, do procedemento (R2-DO0201P1) para o seguimento e control da docencia.

Este centro leva a cabo dende a súa implantación diversos mecanismos para o seguimento e control da docencia, ao longo destes anos estes mecanismos fóronse mellorando e engadindo procedementos novos con motivo do establecemento do VAD no curso 2004/05. Estes mecanismos encóntanse aprobados en distintas actas e agrúpanse para formar parte do procedemento (R2-DO0201P1).


A descrición do mesmo é a que segue:

- **Mecanismo para a modificación, seguimento e control das datas de execución de exames e probas de avaliación.**

 UNIVERSIDADE DE VIGO	PLANIFICACIÓN Y DESARROLLO DE LA ENSEÑANZA	FACULTAD DE FISIOTERAPIA	CODIF: R1-DO0201
--	---	-------------------------------------	----------------------------

Unha vez aprobado o calendario de probas de avaliación, este pode sufrir modificacións xustificadas. A proposta pode ser do coordinador da materia que será aprobada en Xunta de Centro ou ben por acordo do coordinador da materia e dos alumnos que poden presentar unha solicitude ao Vicedecanato que informará a Xunta de Centro da modificación. Estas modificacións daránselle publicidade.

- **Xestión das guías docentes (cumplimentación nos prazos establecidos, aprobación, revisión y publicación).** Dende o Decanato publícase un prazo que se comunica a todos os profesores-coordinadores das materias para que revisen e efectúen os cambios que consideren oportunos, tendo sempre en conta a Memoria de verificación do Título. Antes de sometelos a aprobación en Xunta de Centro son revisados polo Decanato e introducíranse nas guías Docentes, para ser aprobados, se procede, na Xunta de Centro.
- **Control da asistencia as clases.** Existen partes en todas as aulas e laboratorios nos que os profesores asinan cando van impartir as clases e posteriormente son revisados no Vicedecanato para o adecuado control e seguimento do desenvolvemento da docencia de acordo coas planificacións entregadas nas reunións de coordinación. Nos casos nos que non conste a sinatura do profesor, se lle envía unha notificación dende o Vicedecanato para aclarar o motivo da falta e tomar as medidas oportunas.
- **Control de entrega de cualificacións e datas de revisión de exames.** Mediante control de sinatura do profesorado no modelo establecido que se encontra en conserxería. Neste modelo débese indicar a data de publicación das cualificacións e a data de revisión, xunto coa sinatura.
- **Control de entrega en prazo das actas definitivas.** Unha vez rematado o prazo de entrega de actas dende Secretaría se solicita un informe a Administración conforme se entregaron as actas de tódalas materias que correspondan en prazo. Neste caso, de non entregalas, o Secretario do Centro envía un escrito solicitándolle ao profesor que as entregue o antes posible e xustifique o seu incumprimento.

 UNIVERSIDADE DE VIGO	PLANIFICACIÓN Y DESARROLLO DE LA ENSEÑANZA	FACULTAD DE FISIOTERAPIA	CODIF: R1-DO0201
--	---	--	----------------------------

- **Detección do incumprimento de titorías.** os alumnos teñen a su disposición un impreso para que en caso de incumprimentos de titorías por parte dalgún profesor poidan facer constar dita falta. Neste caso, tramítase dende Vicedecanato unha notificación ao profesor para aclarar os motivos da falta e asegurar o correcto funcionamento das mesmas.

Apróbase.

O SECRETARIO



Jose M. Pazos Rosales

A DECANA




Eva María Lantarón Caeiro